

2.- No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que no puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

3.- Serán causas de extinción do presente convenio:

O non cumprimento do seu obxecto.

A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio.

Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez sexa aprobado polos órganos competentes formalizado o seu texto e terá vixencia máxima ata o 28 de abril de 2024

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un máximo dun ano mais e poderá modificarse por causas xustificadas. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o seu obxecto.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **28 de abril de 2023**

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 85 /2023

#### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL DE MAIORES CO FIN DE ELABORAR O PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA, DE ACORDO CO ART. 68.2A) DA LEI DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA.**

Na Coruña, a 6 de outubro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

#### **REUNIDOS**

O Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, Don Valentín González Formoso.

O Sr. Alcalde Presidente do concello de Rianxo, Don Julián Bustelo Abuín.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

#### **MANIFESTAN**

A raíz do estudo realizado pola Deputación Provincial para a diagnose e plan de acción en materia de servizos sociais na provincia detectouse unha eiva significativa de dotacións destinadas a maiores, especialmente de tipo residencial. As residencias existentes no territorio non responden a demanda real, ademais de ser en moitos casos de titularidades privada.

Froito do sistema existente moitos maiores vense lonxe do seu entorno, ao non existir recursos próximos, fomentando un desarraigo e unha imposibilidade de seguir vinculados ao núcleo familiar, ocasionando episodios de soidade non desexada.

Por outra banda, a pandemia puxo de relevancia a necesidade doutro modelo residencial, de menor escala, e afastado do modelo clásico similar a unha instalación hoteleira, por un modelo máis asimilado a un conxunto apartamental, vinculado ao entorno e en consonancia cos novos modelos observados noutros países europeos.

Froito desa necesidade nace a vontade da Deputación Provincial de facer un proxecto piloto para a redacción dos proxectos básicos de tres residencias de carácter comarcal, en localizacións escollidas polo seu devalodemográfico.

Do estudo realizado conclúese que as localizacións idóneas para este proxecto piloto de residencias son Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo.

Consonte co anterior, o pasado 31 de marzo foi asinado un protocolo polos representantes da Deputación da Coruña e os concellos de Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo no que se recolle a intención das partes en colaborar neste senso .

Por todo o exposto, a Deputación de A Coruña e o Concello de Rianxo acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

O presente convenio ten por obxecto a posta a disposición por parte do Concello de Rianxo dos terreos necesarios para realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores no concello e establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo para a redacción

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIANXO**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Julián Bustelo Abuín

**A SECRETARIA XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil

do proxecto básico por parte da Deputación co fin de elaborar o plan de viabilidade económica exixido polo art. 68.2a) da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e a acreditación dos requisitos establecidos no art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

## **SEGUNDA.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS**

Para a futura redacción do proxecto básico de construción do centro residencial de maiores, o Concello de Rianxo comprométese a por a disposición da Deputación os seguintes inmobles, coa finalidade de realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción do citado proxecto básico:

O edificio proxectado situarase no SAU Rianxiño Z13:

Ref catastral: 5925101NH1252N0001PX.

## **TERCEIRA.- REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO. CONTRATACIÓN**

### **1.- NORMATIVA E PRESCRICIÓNS TÉCNICAS**

Respecto á normativa específica para este uso, residencia de maiores, o proxecto básico deberá cumprir a normativa vixente no momento da redacción.

As prescricións técnicas para a redacción do proxecto remitiranse previamente ao concello para que formule as observacións que considere oportunas.

O edificio proxectado cumprirá co planeamento municipal vixente polo que o Concello facilitará a información necesaria.

### **2.- CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO**

**A Deputación** contratará a redacción do proxecto básico incluído o previo estudo xeotécnico, de acordo co establecido na normativa de contratos do sector público.

O adxudicatario coordinará os traballos de redacción do proxecto co persoal da Consellería correspondente a fin de tramitar no seu día as autorizacións e permisos que procedan de acordo co establecido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e na Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

O adxudicatario realizará a preparación da documentación técnica necesaria para as solicitudes de autorizacións sectoriais previas, servizos... ante os distintos organismos competentes do Concello e/ou Xunta de Galicia.

Durante a elaboración do proxecto básico, o adxudicatario dará conta a Deputación, polo menos quincenalmente, dos avances e estado no que se atopa o encargo e a Deputación informará ao Concello de calquera incidencia relacionada coa redacción de proxecto.

## **CUARTA.- PRAZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO**

O prazo de redacción do proxecto básico será tres meses, ininterrompidos,

Este proxecto servirá para a solicitude da licenza municipal e demais autorizacións sectoriais que procedan.

## **QUINTA.- ORZAMENTO TOTAL PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO.**

O orzamento máximo para a redacción do estudo xeotécnico e posterior redacción do proxecto básico é de **38.500 €** (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

Redacción do Estudo xeotécnico: 3.500,00 €

Redacción do proxecto básico: 35.000,00 €

A Deputación da Coruña asumirá o custo do orzamento da redacción do proxecto e o estudo xeotécnico por un importe máximo total de 38.500 € o que representa unha porcentaxe do 100 %, considerando a singularidade e transcendencia desta actuación.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/227.99 do Orzamento provincial do ano 2023.

Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Presupostaria.

## **SEXTA.- SUPERVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO.**

A Deputación supervisará o proxecto básico e se fose favorable remitirá o proxecto básico ao Concello.

## **SÉTIMA.- ESTUDO DE VIABILIDADE.**

A Deputación realizará o correspondente estudo de viabilidade en coordinación co concello, requisito imprescindible para o desenvolvemento das seguintes fases.

De igual xeito estudarás coa Xunta de Galicia e o Concello a forma de xestión mas adecuada para os intereses públicos e o seu financiamento, e no seu caso tramitarán as correspondentes autorizacións e permisos que procedan de conformidade coa normativa reguladora dos Servizos Sociais e de acordo co art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Unha vez que quede determinada a viabilidade do proxecto e a actuación conte con todos os informes e autorizacións favorables dos órganos competentes da Xunta de Galicia, a Deputación poderá encomendar ao Concello a redacción do proxecto de execución.

## **OITAVA.- CONVENIO ADICIONAL**

Unha vez cumpridos os trámites a que se refire a cláusula anterior, a Deputación da Coruña e o Concello poderán tramitar, si así o acordan os seus órganos competentes un convenio adicional onde se determine a colaboración e fórmulas de financiamento por ámbalas dúas institucións e, no seu caso, a Xunta de Galicia, na fase de execución e financiamento das obras así como a determinación das formas de xestión e de mantemento da residencia encanto a Xunta de Galicia autorice á Deputación ou ao Concello a creación e posta en marcha do centro residencial de maiores.

## **NOVENA - PUBLICIDADE.**

Na portada do proxecto e no seu interior figurará o logotipo da Deputación e na publicidade institucional e calquera outro acto de divulgación ou presentación que se faga polo Concello de Rianxo ou pola Deputación

## **DECIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.**

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, dúas persoas designadas polo presidente da Deputación da Coruña e dúas persoas designadas polo alcalde do Concello de Rianxo, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio, coas seguintes funcións:

Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.

Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

## **UNDÉCIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.**

O presente convenio ten natureza administrativa rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

## **DUODÉCIMA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.**

**1.-** As dúbidas que poidan xurdir na interpretación do convenio, no caso de discrepancia, serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de seguimento, poñendo fin así á vía administrativa.